



FRADES

**A área recreativa
da Presa recupera
o seu esplendor**

Páx. 7



clínica dental
ALBERTO RAMA
**SU CLÍNICA DENTAL DE CONFIANZA
EN ORDES**

- Odontología general
- Implantología
- Prótesis
- Ortodoncia

- Cirugía
- Radiología
- Limpiezas y blanqueamiento

Nº Registro Sanitario C-15-000656

Calle de Compostela, 9 Ordes | 981 682 985 | www.albertorama.es



CRÓNICAS

Mensual independente da Comarca de Ordes - Nº 144 - Decembro 2025

OROSO

**Aprobados os
orxamentos para
2026, que ascenden
a 9 millóns**

Páx. 2

TORDOIA

**Novos vehículos
para preservar o
medio ambiente**

Páx. 4

ORDES

**Xunta e Concello
promoverán a
construción de
vivenda protexida**

Páx. 5

TRAZO

**A Deputación
aglomera a
DP-5903 ao seu
paso por Viaño
Pequeno**

Páx. 6



**O Nadal chega
á comarca**

Páxs. 10 e 11

CERCEDA

**Visita da Comisión
de Segueamento do
Fondo de Transición
Xusta**

Páx. 8

ORDES

**A Vía Verde
incorpora un mural
no antigo depósito
da Pontraga**

Páx. 13

MESÍA

**O Torneo Infantil
2025 foi solidario
coa asociación
Amarai**

Páx. 14

DEPORTES

**Cerceda e Ordes
celebran cadansúa
San Silvestre**

Páx. 15

NS MOTOR

ESPECIALISTAS EN
COMPRA - VENTA
DE VEHÍCULOS



Bosch Car Service NS Motor

Taller BCS y Certified First
(expertos en Chapa y Pintura)

Polígono Industrial Ordes, 35-36
15680 ORDES

981 680 660
www.nsmotor.es

Síguenos en   

Centro
Multimarca y Lavado

Lg. Queirúa, s/n
15680 ORDES



Bosch Car Service: para todo lo que tu automóvil necesita.

ACTUALIDADE



TORDOIA

Trece familias únense á campaña de compostaxe doméstica

O salón de plenos do Concello de Tordoia acolleu a primeira sesión informativa sobre a campaña municipal de compostaxe doméstica na que se entregaron os primeiros composteiros. Un acto no que un total de 13 familias do municipio levaron o seu composteiro de balde ás súas casas, tras aprender a utilizalos para transformar os restos orgánicos en abono natural.

O Concello de Tordoia anuncia que nas próximas semanas haberá novas charlas informativas, para as que a veciñanza que estea interesada pode anotarse en tordoia.ocaminosostible.gal, info@ocaminosostible.gal ou chamando ao 647 521 464. Esta iniciativa conta co apoio da Xunta de Galicia e o financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Next Generation EU.

OROSO O alcalde destaca que non incrementan impostos e aumentan en investimento

Aprobados os orzamentos para 2026, que ascenden a 9 millóns de euros

O Pleno municipal aprobou os orzamentos para o ano 2026, que ascende a preto de 9 millóns de euros, cos votos favorables do Grupo Municipal do Partido Popular. O alcalde, Álex Doval, subliñou no Pleno que “son unhas contas responsables, equilibradas e pensadas para seguir transformando Oroso e protexer ás familias”.

Dende o Concello salientan que estas contas caracterízanse por manter a mesma presión fiscal, sen ningunha suba de impostos municipais nin da taxa do lixo; así como pola asunción por parte da Administración local do incremento de tarifas externas, como a da auga, evitando que repercutan nos petos das familias.

INVESTIMENTO

Ademais, salientan que se destinan 1,9 millóns de euros a investimento real, o que supón un incremento do 21% respecto ao ano anterior. “Un de cada cinco euros do orzamento destínase a investimento, un esforzo extraordinario para un municipio da nosa dimensión”, salientan dende o Goberno Municipal. Unhas actuacións que adiantan que estarán “centradas na mellora e posta en valor dos espazos públicos, na modernización das infraestruturas municipais e na cohesión social e participación cidadá”.



Os orzamentos destinan máis de 1,9 millóns de euros a inversións reais

Ademais, se se engaden as achegas pendentes da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña para proxectos xa comprometidos, o volume total de investimento no municipio superará os 3,3 millóns de euros, “converténdose nun dos exercicios con maior capacidade inversora da última década”. En definitiva, para o Goberno orosán “estes orzamentos responden a un modelo de vila moderna, sostible e centrada nas necesidades reais da veciñanza”.

PROPAGANDA

Non opinan igual dende a bancada socialista, que acusan aos populares de “disparar o gasto corrente en máis de 900.000 euros en só dous anos”.

“Mentres presumen de estabilidade, rompen todas as regras de xestión responsable”, denuncian os socialistas, que tamén consideran que “as inversións reais caen ano tras ano”.

Así mesmo, dende o PSOE consideran que estas contas non recollen ningunha baixada de impostos e botan en falta a ausencia nestas contas de partidas para a climatizar a piscina, construír un novo pavillón polideportivo en Sigüeiro ou rescatar o proxecto do Polígono San Martiño 2, o mesmo que durante dez anos estivo orzamentado o Goberno de Manuel Mirás sen que se tivera realizado avance algún, o que mesmo motivou a súa retirada das contas municipais socialistas nos últimos anos.



TRAZO Responde ás necesidades da comunidade

Novo reforzo de atención especial no CPI Viaño Pequeno

O Concello de Trazo informa da incorporación dunha nova coidadora ao CPI Viaño Pequeno, unha medida que responde ás necesidades trasladadas polo propio centro e polas familias a través da ANPA, así como ás xestións realizadas nas últimas semanas ante a Consellería de Educación. Unha confirmación que chega despois de que o PP se abstivera no Pleno na votación dunha

moción de Unión por Trazo no que se pedía o mesmo.

A alcaldesa de Trazo, Fina Suárez, destacou que esta medida “é froito da colaboración constante entre o Concello, a comunidade educativa e a Consellería, cun único obxectivo: asegurar o benestar dos nenos e nenas de Trazo e ofrecer un servizo educativo á altura das súas necesidades”.



VÍA VERDE

Unha aventura sostible agarda por ti

A maior Vía Verde de Galicia.
36 quilómetros de antigas vías do
ferrocarril transformadas nunha gran
senda para montar en bici ou camiñar.

**Descubre a Vía Verde
Compostela-Tambre-Lengüelle**



**Deputación
DA CORUÑA**

dacoruna.gal

ACTUALIDADE

CERCEDA

A Xunta licitará antes de que remate o ano o cambio da cuberta do CPI O Cruce

A Xunta vai licitar por anticipado de gasto, antes de que remate o ano, as primeiras 16 obras de mellora en centros educativos para o ano 2026, cun importe de máis de 16 millóns de euros. Entre elas figura o cambio da cuberta do CPI O Cruce, orzamentada en 525.000 euros. Unha nova cubrición en panel sándwich de 30 milímetros de espesor, un sistema idéntico ás cubertas que xa foron mudadas neste centro escolar. Un anuncio que foi celebrado polo Concello de Cerceda e que dá solución a problema xurdido co temporal do pasado 20 de marzo.

ORDES

Licitadas obras de mellora do pavimento e canalizacións en Parada por 467.000 euros

O Concello de Ordes vén de iniciar o procedemento de licitación para as obras de varias pistas e vías municipais. Unhas actuacións que na súa meirande parte se centran na reparación do pavimento e en obras de abastecemento. En conxunto o investimento ascende a 467.370,52 (IVE incluído). Estas obras están incluídas no POS+2025.

Entre outras actuacións inclúense a mellora da pista que vai do Pazo a Castenda; do viario da Igrexa-Pazo ao lugar do Mouro, onde tamén se contempla un sobreancho; así como o acondicionamento dos accesos ás aldeas da Grela, O Piñón e O Castro, onde tamén se actuará no interior.

TORDOIA Cunha axuda de 140.000 euros por parte da Xunta de Galicia

O Concello incorpora novos vehículos para preservar o medio ambiente

O Concello de Tordoia continúa coa súa aposta polo medio ambiente. Se o mes pasado falabamos da incorporación dun punto limpo móbil para a recollida selectiva polas parroquias, nesta ocasión a delegada da Xunta, Belén do Campo, e o alcalde, Antonio Pereiro Liñares, presentaron dous novos vehículos que se incorporan ao parque municipal grazas a un apoio da Xunta de 144.000 euros: un camión para bioresiduos e un vehículo híbrido SUV 4X4.

A delegada da Xunta destacou que “contar cun camión específico para a recollida selectiva de biorresiduos é esencial para que o concello poida garantir unha xestión máis sostible e responsable dos seus residuos”. Este tipo de vehículo permite realizar unha separación eficaz da materia orgánica, favorecendo a súa valorización e contribuíndo á redución do lixo que remata en vertedoiros.

Ademais, mellora a eficiencia do servizo municipal e reforza o compro-



Do Campo e Pereiro presentaron o vehículo híbrido e o camión para bioresiduos

miso coa protección ambiental e coa economía circular.

Pola súa banda, o vehículo híbrido SUV 4X4 está debidamente equipado para actuacións ambientais de forma eficiente e sustentable, xa que dispón de etiqueta ECO. Este novo recurso permitirá: realizar un control máis eficiente das infraccións ambientais; su-

pervisar de maneira óptima os traballos da brigada municipal de obras; optimizar a resposta municipal ante catástrofes naturais, como incendios, inundacións, temporais ou vertidos.; facilitar o traballo de todo o persoal implicado en actuacións ambientais e garantir unha vixilancia estrita dos vertidos incontrolados.



OROSO

A Xunta achegou 40.000€ ás asociacións


A Xunta apoia o asociacionismo local de Oroso con achegas que suman case 40.000 € a través do Plan específico de acción comunitaria. Así o afirmou a directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, nunha visita ás melloras feitas nos locais sociais das AAVV Santa María de Deixebre e Sanamede, e das Mulleres rurais loitadoras de Oroso.



SOGAMA
CIRCULAR



galicia



ACTUALIDADE

ORDES O convenio permitirá construír 6 vivendas protexidas no barrio do Piñeiro

Xunta e Concello promoverán a construción de vivenda protexida

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, e o alcalde de Ordes, José Luis Martínez Sanjurjo, asinaron un convenio enmarcado no Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida no municipio. A través deste convenio, a Xunta pon a disposición do Concello de Ordes esta nova ferramenta que lle outorga apoio técnico para ofertar, mediante concurso público, unha parcela de 365 m² da súa titularidade, sita na rúa Galicia 35 en Quinzeiros, no barrio do Piñeiro, para a construción de ata 6 vivendas protexidas.

Este acordo permitirá á Xunta sacar a concurso público en réxime de libre concorrência esta parcela de titularidade municipal para a construción de fogares protexidos que poderían ser tanto en réxime de alugueiro como de venda. Ademais, deste xeito,



María M. Allegue e José Luis Martínez Sanjurjo asinaron o convenio de colaboración

facilitarase a información aos promotores, cooperativas e á cidadanía, en xeral, sobre os solos dispoñibles.

O departamento que dirixe María M. Allegue, a través do IGVS, tamén se encargará da redacción dos pregos

de bases, os anuncios de licitación, a mesa de contratación e a valoración técnica das ofertas, de maneira que o Concello sóterá que ditar a resolución de adxudicación, ademais de participar na mesa de contratación.

MESÍA

O DOG recolle a declaración de proxecto de interese autonómico da ampliación de Casa Grande de Xanceda

O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a resolución pola que se declara como proxecto de interese autonómico (PIA) a ampliación de Casa Grande de Xanceda, no concello de Mesía, aprobada pola Consellería do Medio Rural pola contribución da súas actividades ao sector agroalimentario e ao medio rural en xeral. En concreto, preténdese ampliar a fábrica de iogures e construír unha planta de biogás para o tratamento de xurros, en liña coa produción de enerxías renovables de autoconsumo. Habilitaranse tamén novas oficinas, unha aula natura e unha sala multiusos para as actividades turísticas e de formación que desenvolve Casa Grande de Xanceda, o que permitirá o redeseño da casa agraria do século XVII actualmente existente.



OROSO Suporá un investimento de máis de 110.000 €

Inicio das obras da senda peonil entre Vilarelle e Valverde

O Concello de Oroso vén de iniciar as obras de construción da primeira fase da senda peonil que conectará Vilarelle con Valverde, na parroquia de Vilarromarís. O proxecto contempla a execución dunha senda de case un quilómetro de lonxitude e supón un investimento superior aos 110.000 euros financiados integramente polo Concello. A nova infraestrutura facilitará os desprazamentos

a pé entre ambos núcleos, reducirá os riscos asociados ao tránsito por vías estreitas e mellorará de maneira significativa a seguridade viaria.

O alcalde de Oroso, Álex Doval, destaca que “este proxecto responde ás necesidades do rural e dá un paso máis na estratexia municipal de mellorar as comunicacións e garantir unha mobilidade accesible e segura en todo o territorio”.



GRUPO RAFA

DISPOÑEMOS DUN AMPLO GRUPO DE PROFESIONAIS E COLABORADORES PARA PRESTARLLE UN COMPLETO SERVIZO FISCAL, LABORAL, XURÍDICO, MERCANTIL E IMPOSITIVO

CAMIÑO REAL, 11 BAIXO – SIGÜEIRO

Séguenos en [f](#) [t](#) [rafra.com](#) [SEGUROS@rafra.com](#)

981.688.916



ACTUALIDADE



ORDES

O BNG demanda solucións aos asolagamentos na ponte do Melante

Avelino Candal, concelleiro do BNG, expón que na ponte do Melante, na pista principal da parroquia de Vilamaior, “adoitan producirse asolagamentos de auga que supoñen un perigo para a circulación viaria por aquaplaning e salpicaduras”, instando ao alcalde a “actuar na zona para favorecer a evacuación das augas pluviais, evitando que se produzan este tipo de acumulacións”.

O edil nacionalista tamén se referiu ás obras de pavimentación efectuadas na citada pista, desde o desvío cara o núcleo de O Castro ata o límite do concello de Ordes con Mesía, onde “a pesares de ter transcorridas varias semanas desde que se procedeu coa pavimentación da estrada, aínda non se procedeu co axuste das tapas dos pozos de rexistro da rede de saneamento ao novo pavimento”, o que na súa opinión “ocasiona problemas de circulación, dado que os vehículos intentan esquivalas pola fochanca que supoñen na súa situación actual”. Candal recriminou ao alcalde esta situación, dado que segundo opina, “non existen razóns de peso que motiven este retraso no axuste das tapas de rexistro ao novo pavimento”.

ORDES Evita unha media de cen desprazamentos á semana

A Unidade móbil de Radioloxía fixo case 6.200 probas no seu primeiro ano

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, destacou o proxecto pioneiro da Xunta coa posta en marcha, en novembro do pasado ano, dunha unidade móbil de radioloxía na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, que xa realizou preto de 6.200 probas a preto de 5.700 pacientes. Unhas declaracións que o conselleiro fixo durante unha visita á Unidade Móbil de Radioloxía, emprazada diante do centro de saúde de Ordes.

A posta en marcha desta unidade contou cun investimento de preto de 370.000 euros e naceu co obxectivo de reforzar a atención primaria, que é o corazón do sistema sanitario. A unidade dá cobertura aos concellos de Ordes, Trazo, Frades, Tordoia, Mesía e Santa Comba, aos que se vai desprazando nos distintos días da semana co obxectivo de dar cobertura a preto de 32.000 persoas.

Segundo remarcou o conselleiro, esta unidade é un exemplo claro da



A unidade dá cobertura a Ordes, Trazo, Frades, Tordoia, Mesía e Santa Comba

aposta da Xunta pola descentralización dos servizos sanitarios e por achegar e reforzar a asistencia en zonas rurais, onde hai unha gran dispersión e unha poboación envellecida, e onde o acceso á atención especializada pode supoñer desprazamentos longos para os pacientes.

A unidade evita aos pacientes unha media de 100 desprazamentos á semana, cuxas emisións son equivalentes a percorrer máis de 6.000 km pola estrada, repercutindo directamente no medio ambiente, en liña co forte compromiso da sanidade pública galega cos sostibilidade.



TRAZO

A Deputación aglomera a DP-5903 ao seu paso por Viaño Pequeno

A Deputación da Coruña realizou traballos de aglomerado na estrada provincial DP-5903 ao seu paso por Viaño Pequeno. Unha actuación que permite mellorar o estado do firme e a seguridade viaria dunha estrada moi empregada pola veciñanza.



OROSO O Concello inviste 43.000 euros nestas obras

Comeza a renovación do tellado da Escola Unitaria de Vilacide

O Concello de Oroso vén de iniciar as obras de renovación do tellado da Escola Unitaria de Vilacide, unha actuación esencial para garantir o bo estado do edificio e ofrecer un espazo educativo máis seguro, eficiente e confortable para o alumnado. O proxecto, que conta cun investimento próximo aos 43.000 euros, está financiado pola Xunta de

Galicia a través do Fondo de Compensación Medioambiental. A obra permitirá mellorar o illamento, previr filtracións e actualizar a estrutura do centro, asegurando o seu mantemento a longo prazo.

Esta intervención súmase á reparación do tellado da Escola Unitaria de Senra e a rehabilitación integral da sede do CRA en Vilarromarís.

ACTUALIDADE



FRADES As obras foron financiadas pola Xunta de Galicia, que achegou 50.000 euros

Frades recupera o encoro sobre o río Tambre na área recreativa da Presa

A delegada da Xunta, Belén do Campo, e o alcalde de Frades, Roberto Rey, supervisaron o resultado das obras de recuperación do azude do río Tambre, na área recreativa da Presa, na parroquia de Ledoira. Uns traballos rematados a finais de novembro e que foron financiadas integramente pola Consellería de Medio Ambiente, que achegou 50.000 euros para a mellora deste elemento hidráulico tradicional e da súa contorna fluvial, mentres que o Concello de Frades se encargou de realizar o proxecto técnico.

A actuación foi posible grazas a un convenio de colaboración asinado pola conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, e o alcalde, Roberto Rey. Ao seu abeiro, Augas de Galicia asumiu o financiamento da intervención que permitiu restaurar un tramo de 15 metros do encoro, moi deteriorado debido ás enchentes e temporais do inverno de 2024.

Os traballos consistiron na desmontaxe e baleirado do encoro e o desvío provisional da auga. Acto seguido procedeuse á reconstrución do azude mediante a escavación de pozos para cimentacións ata unha profundidade de 2 metros e reconstru-



A delegada da Xunta e o alcalde de Frades supervisaron o resultado dos traballos

ción do azude de pedra mediante un muro de escolleira de bloques de pedra granítica de entre 400 e 800 kg.

Belén do Campo salientou que esta obra permitiu devolver ao espazo “todo o seu valor ambiental e funcional”, favorecendo ao mesmo tempo un uso responsable e seguro dun entorno fluvial moi frecuentado pola veciñanza e por visitantes para actividades de lecer. Pola súa banda, Ro-

berto Rey agradeceu á Xunta “a colaboración ofrecida para poñer en valor unha das zonas de lecer máis coñecidas e concorridas de Frades” e agarda “poder asinar en breve o convenio de colaboración da outra actuación moi importante para o municipio e xa comprometida pola Consellería de Medio Ambiente, como é a ampliación da potabilizadora de Ponte Carreira”.



CERCEDA

A Xunta destaca a aposta de Porto-Muiños pola diversificación

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Cándido Rial, visitou a empresa Porto-Muiños, emprazada en Cereda e que está considerada un referente no uso da innovación e a investigación para a explotación sostible dos recursos marítimo-pesqueiros.

O encontro serviu para coñecer a aposta que está a realizar este grupo empresarial pola diversificación da produción, así como a ampla oferta que ten no mercado con alimentos de gran calidade, sabor e con propiedades nutricionais excepcionais. De feito, esta entidade conta co selo Artesanía Alimentaria.

Pioneira en España no cultivo de algas mariñas, acción pola que recibiu distintos premios, esta entidade traballa desde a transformación do produto ata a divulgación das súas propiedades nutricionais. Na actualidade, vende a países dos cinco continentes unha trintena de especies recollidas á man e de forma sostible na costa galega, así como outro tipo de produtos conserveiros como ovas de ourizo, fígado de rape, mexillóns con algas ou ortiguillas de mar.



A Tablilla - Cereda
C/ Principal, 36 - Rodis
T: 981 697 082
begol@begol.es

Almeiras - Culleredo
Av. Almeiras, 19
T: 981 639 542
comercialc@begol.es

Materiales de construcción.
Hidromasaje - Sauna.
Tarima Flotante.
Muebles de baño.
Sanitarios.
Grifería.
Mamparas.
Azulejos y pavimentos.
Cocinas y estufas.



ALMACENES BECERRA GOLÁN

ACTUALIDADE

FRADES

O Pleno pide unha nominativa á Deputación para melloras viarias

O Pleno de Frades aprobou por unanimidade solicitarlle unha subvención nominativa á Deputación da Coruña para executar un proxecto de mellora da seguridade viaria en Os Canedos (Mesos) e O Pazo (Abellá), orzamentado en 146.650 euros e dos que se solicita unha achega do 80% (117.000 €).

O alcalde, Roberto Rey, explica que “trátase de construír sendas peonís ou cunetas transitables nos accesos ás distintas igrexas e cemiterios do municipio. Este ano vimos de facer unhas en Añá, que se suman ás obras de humanización feitas hai un par de anos en Moar e Papucín, e a nosa idea é ir facendo o mesmo por todas as parroquias, sobre todo preto das Igrexas, cemiterios e locais sociais”.

ORDES

O BNG ciritca o gasto de repoñer as beirarrúas nos Lagartos e Paraíso

O BNG asegura que non ten sentido investir 360.000 euros simplemente en cambiar as lousas dunha beirarrúa, como propuxo o alcalde no pleno de outubro para solicitarlle unha nominativa á Deputación. O voceiro nacionalista, Pablo Vidal, sinala que “mentres no resto do mundo, a tendencia é a incorporar vexetación e árbores nas rúas para mitigar o efecto illa de calor, dispor de pavimentos mais permeables que eviten a acumulación de pluviais nas rúas e crear un ornato mais axeitado, o alcalde de Ordes segue ancorado nas vellas fórmulas do pasado”.

OROSO Rematadas as obras da nova ponte sobre o Río Carboeiro

A Deputación investiu en Oroso 1,4 millóns de euros grazas ao Plan Único

A deputada provincial de Plans Provinciais e Asistencia a Concellos, Cristina García Rey, visitou Oroso para comprobar o resultado da nova ponte sobre o río Carboeiro. Unha visita na que estivo acompañada polo alcalde, Álex Doval, á fronte de distintos concelleiros da corporación.

Esta actuación recibiu un financiamento de algo máis de 80.000 euros da Deputación da Coruña, ao abeiro do Plan Único. A obra consistiu na substitución da antiga ponte por unha infraestrutura máis moderna, segura e adaptada ás necesidades actuais, mellorando a capacidade de paso, a drenaxe da contorna e a seguridade tanto de peóns como de vehículos agrícolas e residentes. Previamente, tivo lugar unha recepción no Concello de Oroso, tras a cal se desprazou ao lugar de Berdomás, na parroquia da Gándara, onde se executou esta intervención, “moi demandada pola veciñanza”, explicou a deputada.



Cristina García e Álex Doval visitaron a nova ponte sobre o río Carboeiro

Na visita, Cristina García Rey destacou o papel decisivo do Plan Único como ferramenta estratéxica para garantir financiamento estable e autonomía municipal. No caso de Oroso, no período 2017-2024 recibiu algo máis de 7,6 millóns do Plan Único e

1,4 no presente ano 2025. A deputada subliñou que este volume de recursos “demostra a forza do programa como instrumento clave” da Deputación, “un modelo que está permitindo modernizar infraestruturas, mellorar servizos e equilibrar o territorio”.



CERCEDA

Visita da comisión do Fondo de Transición

Membros do Comité de Seguemento do Fondo de Transición Xusta visitaron Cerceda, onde puideron ver o Museo da Minería, o lago das Encrobas e coñecer parte da historia do municipio relacionada coa extracción e transformación do Carbón. O Comité estivo acompañado polo alcalde cercedense, Juan Manuel Rodríguez, quen os guiou tamén polo Viveiro de Empresas.

SABORA
café tostados no día

NADAL OROSO 25/26

Concurso de postais de Nadal con mensaxe

(ver publicidade específica)

Prazo de entrega ata o 17/12. (+3 anos)

Obradoiro de coroas de Nadal

(Ver publicidade específica)

Xoves 11/12 ou venres 12/12 de 17 a 19h. (+14 anos)

Visita paxe e carteiro real

Venres 19/12. Recollida das cartas nas escolas infantís, CRA de Oroso e residencia de maiores

Festival do CRA

Venres 19/12. Auditorio

O Apalpador

Venres 19/12 ás 19:30 h. Auditorio. Lembranzas do Tambre

Visita de Papá Noel

Martes 23/12 de 11 a 13 h. e de 17 a 19 h. Praza de Issac Díaz Pardo

Vero Rilo Pelica de Burra

Venres 26/12 ás 17 h. Centro cultural

Obradoiro de narración oral para primeira infancia (0 a 3 anos)

Prazas limitadas

Maratón musical en clave clásica Virtuosi Violini

Sábado 27/12 ás 17 h. Auditorio

Obradoiros reposteiros

Luns 29/12 de 10 a 13 h. Centro cultural

Prazas limitadas. Preferencia a empadroados/as (+4 anos)

Xampatito Compañía

Martes 30/12 ás 18 h. Auditorio. (Todos os públicos)

Circo/monicreques

GRAN CABALGATA DE REIS

5/01 ás 18 h.

 Máis información e inscricións no 981 690 903

ORGANIZA



CONCELLO
DE OROSO

COLABORA



Deputación
DA CORUÑA



XENTE DE AQUÍ

ORDES

Teatro, maxia, música e monicreques no Nadal

O programa de Nadal arrancará o 22 de decembro cunha gran festa infantil a partir das 17 horas no pavillón Campomaor. A maioría dos eventos terán lugar na Casa da Cultura. Así, o 23 de decembro, ás 18:00 h, A Xanela do Maxín ofrecerá “O Apalpador e as palabras perdidas”. E un día despois Papá Noel percorrerá as rúas de Ordes.

Fran Rei porá en escena “Superheroe”, ás 18:00 horas do 26 de decembro. E o 27, ás 20:00 h, Concerto de Nadal da Banda de Música de Ordes. Un día despois, ás 18:00 horas, Pérez & Fernández ofrecen o seu espectáculo de monicreques “O poder de Amabel”. Joshua Kenneth encherá Ordes de maxia o martes 30, ás 18:00 h.

O 31 de decembro, de 13:00 a 19:00 h, a alameda acollerá unha gran celebración de fin de ano coas actuacións de Los Alcántara e Disco CDC, con DJ Rafa Astray como convidado especial. Os máis novos poderán comer as uvas ás 17:00 horas, momento no que terán lugar as badaladas infantís. Ademais haberá callos para todos/as os que se acheguen.

O día 2 de xaneiro, ás 18:00 h, Teatro Ghazafellos presentará “Iriña Bailarina”. Os Reis Magos, Melchor, Gaspar e Baltasar, farán a súa gran entrada en Ordes nunha gran cabalgata que encherá o día 5 de xaneiro as rúas de cor, alegría, música, emoción e agasallos.

POESÍA

Vivir

**RC, usuario de Andaina
Pro Saúde Mental**

Vivir cegos e esmagados,
agarrados o fervente cravo
dunha incerta esperanza.
Vivir coma escravos,
dun xornal ou dunha promesa.
O importante e crer,
iso nos din.
En deus, na sorte,
ou na grandeza da patria.
Crer nun mesmo ante todo
aínda que un mesmo non sexa nada.
Menos é que unha formiga esmagada
polas súas obrigas e circunstancias.
Iso nos din, iso nos piden,
iso repiten mentres nos enganan.
En mil cousas crer, para encher o bandullo
de aire ou de promesas.
Fartos vamos a quedar, non o dubido,
de tanta mentira que nos dan.

OROSO A participación nas distintas actividades é de balde, previa inscrición

Oroso presenta unha variada oferta de Nadal para todos os gustos e idades

O Concello de Oroso ten preparado un amplo e variado programa de actividades de Nadal, con iniciativas para todos os gustos e idades. Todas elas cun punto en común: son de participación totalmente gratuíta, previa inscrición na Concello orosán.

O programa combina actividades xa tradicionais como o Concurso de Postais de Nadal con Mensaxe ou o Obradoiro de Coroas de Nadal, con outras novidasas como o maratón musical en clave clásica Virtuosi Violini do sábado 27 de decembro, ás 17:00 horas, no auditorio; ou os obradoiros resposteiros do 29 de decembro, de 10:00 a 13:00 h, no centro cultural de Sigüeiro.

A programación arrincará o venres 19 de decembro coa visita do Paxe e o Carteiro Real á rapazada das escolas infantís, CRA de Oroso e residencia de maiores. Ese mesmo día, o auditorio de Sigüeiro acollerá o Festival do CRA de Oroso. E para completar a xornada, en colaboración con Lembran-



O acendido do alumeado de Nadal marcou o inicio das celebracións no municipio

zas do Tambre chegará tamén a visita de O Apalpador, no auditorio a partir das 19:30 horas. Papá Noel completará as visitas cunha recepción na praza Isaac Días Pardo o martes 23, de 11:00 a 13:00 h e de 17:00 a 19:00 h.

Completan a programación a actuación de Vero Rilo con “Pelica de

Burra”, un espectáculo de narración oral para rapazada de 0 a 3 anos (26 de decembro, ás 17:00 h); e Xampatito con “Compañía”, un circo de monicreques (30 de decembro, ás 18:00 h). O luns 5 de xaneiro, a partir das 18:00 h, Gran Cabalgata de Reis para pechar a programación.

TRAZO

Oito actividades para o Nadal de Trazo

A programación de Nadal arrinca o 18 de decembro, ás 10:30 horas, coa visita dos Paxes Reais ao PAI e ao CPI Viaño Pequeno. Un día despois, ás 11:00 horas, Caxoto porá en escena “Levántate Xan!” para as crianzas do PAI.

O 20 de decembro, ás 19:30 horas, un dos pratos fortes do Nadal: o Festival de Corais e Grupos, que terá lugar na Casa Amarela. Este mesmo lugar acollerá as outras catro actividades: o obradoiro de maxia Magos Maker (22 de decembro, ás 17:00 e 18:00 horas), “Son animal”, espectáculo de Paco Nogueiras (23 de decembro, ás 17:00 horas); A maxia de Joshua Kenneth (26 de decembro, ás 17:00 horas) e “Kamishibai de Nadal”, de Moc Moc (29 de decembro, ás 17:00 horas).

Finalmente, o luns 5 de decembro terá lugar a tradicional Cabalgata de Reis polas 11 parroquias do municipio. Melchor, Gaspar e Baltasar percorreren todo Trazo entre as 9:00 e as 20:00 horas, rematando no pavillón polideportivo municipal. A programación está organizada polo Concello de Trazo, en colaboración coa Deputación da Coruña. A participación é de balde, sendo preciso anotarse previamente no Concello.



CERCEDA

O acendido do poboado de Nadal, punto de partida das festas

O alcalde de Cerceda, Juan Manuel Rodríguez, procedeu ao acendido do alumeado de Nadal nun emotivo acto celebrado no Campo da Feira. Un emprazamento que conta cunha decoración especial, xa que conta cun poboado de Nadal que complementa ao “nacemento enxebre” exposto na casa consistorial e que son obra de dúas artistas da Laracha: Esther Rey e Ramona Pérez.

Para o xoves 18 de decembro está prevista a visita de Papá Noel aos centros educativos e de maiores, así como ao comercio local. O auditorio de Cerceda acollerá tres actuacións de Nadal: “Un show increíble”, do mago Cayetano Lledó (venres 19, ás 18:00 h), “De cando os animais cantaban”, concerto de De tres Pesos (23 de decembro, ás 18:30 h) e a maxia de Joshua Kenneth (28 de decembro, ás 12:30 h).

XENTE DE AQUÍ

FRADES Inclúe un Concurso de Decoración de Nadal e unha Festa Pre Fin de Ano

A visita do Carteiro Real abre o programa de Nadal en Frades

As tradicionais visitas do Carteiro Real ao CPI de Ponte Carreira e de Papá Noel ás Casas Niño e ás Casas do Maior abriron a programación de Nadal 2025-2026 do Concello de Frades. Un programa que este ano presenta unha gran novidade: un Concurso de Decoración de Nadal aberto a todas as vivendas e negocios do municipio. Os veciños e veciñas que desexen participar deberán presentar as súas propostas entre o 24 e o 31 de decembro, ben enviando un vídeo ben remitindo 4 fotos da decoración exterior da vivenda ou negocio ao mail biblioteca.municipal@frades.gal.

A maiores, Frades organiza unha gran Festa de Nadal o vindeiro luns 22 de decembro, ás 16:30 horas, no multiúsos, co espectáculo "Saabor de Nadal", obradoiros de Nadal e a visita de Papá Noel. Ese mesmo día 22 de decembro darán comezo os Campamentos Municipais de Nadal, unha iniciativa de conciliación familiar que se desenvolverá ata o 7 de xaneiro.



Visita do Carteiro Real ao alumnado do CPI de Ponte Carreira

O domingo 28 de decembro, ás 19:00 horas, o centro sociocomunitario acollerá a Festa Pre Fin de Ano. Unha tarde de baile con dúo musical en directo, festa precampanadas e chocolatada de balde. E o martes 30 de decembro terá lugar a tradicional excursión a Xuvenilugo.

O programa pecharase o 5 de xaneiro coa tradicional Cabalgata por Ponte Carreira (16:00 h) e Festa de Reis no polideportivo (17:00 h) con: recepción das Súas Maxestades, inchables, animación, baile, xogos, obradoiros, mascotas, lambonadas e chocolate con rosca.

TORDOIA

Os Reis Magos volverán percorrer todas as parroquias de Tordoia

A programación de Nadal do Concello de Tordoia arrinca o mércores 17 de decembro coa visita dos Paxes Reais ao CPI Pecalama (10:00 horas) e ao Punto de Atención á Infancia (12:15 horas). Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro desenvolverase o Nadal Lúdico, o programa de conciliación familiar para estes días de vacacións escolares.

Finalmente, o luns 5 de xaneiro terá lugar a tradicional Cabalgata de Reis, que durante a mañá percorrerán todas as parroquias do municipio. E, a partir das 18:00 horas, o pavillón municipal acollerá unha gran Festa de Reis.

MESÍA

Saídas ao teatro, patinaxe e Xuvenilugo

A programación de Nadal do Concello de Mesía arrincou estes días con sendos obradoiros de coctá e coroas, aos que seguirá a visita do Paxe Real ao CPI de Xanceda, a EEI de Visantoña e ao PAI o venres 29 de decembro. Ademais, o Concello programa tres saídas: "Amoriños, un espectáculo de citas", obra de teatro no Palexco (28 de decembro), a patinar sobre xeo no Marineda City (23 de decembro) e a Xuvenilugo (30 de decembro). Máis información na web.

O luns 5 de xaneiro, o pavillón de Xanceda acollerá a tradicional Festa de Reis, en horario de 16:00 a 19:00 horas. Haberá inchables, obradoiros e lambonadas. A participación é de balde, sendo preciso anotarse no Concello antes do 30 de decembro.



OROSO

Nova edición do OrosogóisArte

O alcalde de Oroso, Álex Doval, vén de inaugurar a nova edición do certame OrosogóisArte, a mostra artística que se celebra cada ano ao abeiro do irmandamento cultural que une a este municipio co concello portugués de Góis.

Esta exposición permanecerá aberta ao público no Centro Cultural Fernando Casas e Novoa durante todo o Nadal.



Leis & Negocios SL

Contamos coa garantía de poder recorrer a unha asesora profesional sempre que o necesitamos.

Encárgase de todo o papeleo do noso negocio.

Por iso agora disfrutamos máis da nosa profesión e do tempo de lecer.

Pilar Leis Puñal

Avogados e Asesores de empresas
Avda. Romero Donallo, 29
15706 Santiago
981 46 31 30

XENTE DE AQUÍ

FRADES



Os maiores aprenden seguridade

O centro sociocomunitario de Frades acolleu unha charla do Plan Maior Seguridade, organizada polo Concello en colaboración co Ministerio do Interior. Un axente da Garda Civil ofreceu consellos aos

presentes sobre como evitar riscos no domicilio, estafas, roubos e accidentes, tales como: nunca facilitar datos persoais ou bancarios, non levar as claves anotadas ou non chamar a números descoñecidos.

MESÍA

Novidades no PAI "Os Camiños"

O PAI "Os Camiños" vén de incorporar unha nova actividade lúdico educativa, impartida pola

Asociación Antonio Gandoy. Nela as crianzas traballan os sentidos con xogos e cancións



TRAZO



O fútbol tracense tamén di NON

Dous equipos de fútbol do municipio, o Trazo e o Resmón, uníronse no Día Internacional contra a Violencia de Xénero para lanzar unha mensaxe común: Trazo avanza en igualdade.

Un xesto simbólico que amosa o compromiso do deporte na loita contra a violencia machista e por un futuro máis igualitario. O mal tempo impediu a realización da III Andaina Camiño ao Respecto.

Cantemos todos a unha

O secretario xeral da Lingua, Valentín García, e o alcalde de Cerceda, Juan Manuel Rodríguez, visitaron a exposición "Cantemos to-

dos a unha. O cantigueiro popular galego", que puido visitarse no salón Xosé Neira Vilas da biblioteca municipal de Cerceda



CERCEDA

FRADES



Pasos firmes, pasos seguros

Frades centralizou nas crianzas as súas actividades conmemorativas do 25N. O concelleiro de Ensino, Manuel Ferreiro, acudiu ao CPI Ponte Carreira para repartir material conmemorativo do 25 de novembro e participou na campaña "Pasos firmes, pasos seguros", organizada pola Mancomunidade de

Ordes en colaboración co Concello de Frades, a Cruz Vermella, a Xunta de Galicia e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Acto seguido tivo lugar a lectura do manifesto contra a violencia de xénero na casa consistorial, da man da concelleira de Benestar, Muller e Igualdade, Ánxeles Álvarez Carro.

OROSO

Oroso di NON á violencia machista

O mal tempo obrigou a trasladar ao pavillón polideportivo do IES Oroso a lectura do manifesto instituído polo 25 de Novembro. Un acto presidido polo alcalde,

Álex Doval, e no que a rapazada do IES orosán amosou o seu compromiso na loita contra a violencia machista, dando lectura a algúns textos e poemas.



XENTE DE AQUÍ



O mural foi elaborado polo estudo local Mutante Creativo

ORDES

A Vía Verde incorpora un mural no antigo depósito da Pontraga

O antigo depósito da estación da Pontraga loce un mural que recupera a memoria do ferrocarril e que enriquece o percorrido da Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle cun atractivo artístico único. A obra foi elaborada polo estudo local Mutante Creativo, responsable tamén de numerosos murais vinculados a iniciativas culturais e turísticas. Un exemplo de talento da comarca posto ao servizo do patrimonio e da revitalización das antigas estacións.

O mural propón unha viaxe no tempo a través de imaxes que narran, como se fose un celuloide, a evolución do tren: desde os días das carruaxes de cabalos ata a chegada das primeiras locomotoras a Ordes. A obra integra ilustración, pintura e elementos gráficos inspirados na paisaxe e nas cores da estación, creando unha peza que achega valor cultural, turístico e emocional á Vía Verde. O proxecto está financiado pola Deputación da Coruña.

UN JUGUETE una ilusión

Ayúdanos a escribir historias como la de Carmen que recibió su primer juguete en 2008

¡Forma parte del juego, consigue tu boli solidario!

rtve

FUNDACIÓN CRECER JUGANDO

FRADES

O Concello mantén ata o 19 de decembro a recollida de alimentos

O Concello de Frades e Cáritas manteñen aberta ata o 19 de decembro a súa tradicional recollida de alimentos para as familias necesitadas do municipio. Este ano engádese un novo punto de recollida: o supermercado Claudio de Abellá, que se suma aos tradicionais de Progando e o salón de peiteado Patricia Tación (Abellá), os supermercados Claudio e Tandy (Ponte Carreira), a Cooperativa Central de Frades, o CPI Ponte Carreira e a Casa do Concello.

TRAZO

O Concello organiza o I Encontro Xuvenil

O Concello de Trazo organiza o vindeiro venres 19 de decembro o I Encontro Xuvenil, un espazo pensado para escoitar a mocidade e construír propostas de futuro. Unha iniciativa dirixida a mozos e mozas de 14 a 30 anos e que terá lugar na Casa Amarela, a partir das 17:00 horas. Inscripcións por WhatsApp no 646 06 62 68.

ORDES

Presentación do recetario solidario de Andaina PSM

A biblioteca municipal de Ordes acollerá o mércores 17 de decembro, ás 12:30 horas, a presentación do recetario solidario de Andaina Pro Saúde Mental, cheo de receitas con historia e sabores compartidos. Se non podes asistir, podes solicitar o teu recetario por WhatsApp ao 613 071 703.

XENTE DE AQUÍ



CANICROSS

Valeria Batire Guridi, subcampioa do Mundo de Canicross

Valeria Batire Guridi vén de proclamarse subcampioa do mundo de Canicross No Campionato da International Canicross Federation (ICF) disputado en Pardubice (República Checa). A deportista orosá, actual campioa de España de Canicross sénior e integrante do Equipo Nacional de Mushing, participou en Chequia acompañada do seu can Azkar, da raza greyster.

DEPORTES

Ordes celebra a V Gala do Deporte o venres 19 de decembro

O pavillón Castelao I acollerá a V Gala do Deporte, que terá lugar o venres 19 de decembro e na que se coñecerán os mellores deportistas masculino e feminino ao que optan: Álvaro Viqueira, Gonzalo Louro Noya, Jorge Cano, Mateo Boudjenane Liñares, Alba Figueira Marzoa, Alba Rey Franqueira, Gabriela Balestrini, Lara López Fernández e Natalia Raña.



SOCORRISMO

Lara López, subcampioa de España Absoluta

A ordense Lara López Fernández, do Club Noja Playa Dorada NetCan, vén de proclamarse subcampioa de España Absoluta na proba de 50 metros Remolque de Maniquí con Aletas. Un triunfo conseguido no VI Campionato de España de Distancias Cortas, Open de Salvamente e Socorrismo disputado en Guadalajara.



FÚTBOL O XIV Torneo Solidario "Mesía contra o cancro" terá lugar o sábado 27 de decembro

O Torneo Infantil 2025 foi solidario coa asociación Amarai de Boimorto

Gran éxito do VII Torneo Infantil de Fútbol Sala "Mesía Solidaria", disputado o pasado 12 de decembro e no que tomaron parte preto de 100 xogadores distribuídos en dez equipos que, sumados ás 280 persoas do público, permitiron lograr unha gran recollida de doazóns en favor da asociación Amarai de Boimorto, unha entidade de persoas con discapacidade e de apoio á súa integración nas comarcas de Arzúa e Terra de Melide.

A nivel deportivo, o triunfo na categoría infantil foi para a EM Boimorto, seguido do FC Visantoña Rosa

e o FC Visantoña Branco. En alevíns e benxamíns impuxéronse os xogadores ordenses do Jogafán, seguidos pola EM Boimorto e o FC Visantoña (benxamíns) e polo Jogafán B e o FC Visantoña (alevíns). O broche final púxoo un partido entre dous equipos compostos por xogadores infantís e usuarios e usuarias de Amarai.

CONTRA O CANCRO

Para o sábado 27 de decembro queda o XIV Torneo Solidario de fútbol sala "Mesía contra o cancro", onde todo o recadado será destinado

á Asociación Española Contra o Cancro (AECC). Unha recadación procedente das colaboracións e patrocínios de empresas e asociacións da contorna, así como das cotas de inscricións dos equipos e da venda de rifas para sorteos.

As anotacións continúan abertas ata o 19 de decembro a través do correo electrónico: actividades@concelloedemesia.gal. A cota de inscrición é a doazón de 50 euros e os equipos precisan de entre seis e dez xogadores, todos maiores de 15 anos. Haberá categoría masculina e feminina.



XADREZ

Gran participación no Torneo de Xadrez Oroso

O restaurante Lar Blanco acolleu unha nova edición do Torneo de Xadrez Oroso, unha cita que reuniu a numerosos xogadores e xogadoras locais e tamén moitos chegados dos distintos concellos da comarca. O alcalde de Oroso, Alexander Doval, acudiu á entrega de premios.

DEPORTES

ATLETISMO Ambas probas serán solidarias e recollerán alimentos non perecedoiros

Cerceda e Ordes celebran San Silvestres

Cerceda celebrará a segunda edición da San Silvestre o vindeiro 4 de xaneiro de 2026, ás 11:30 horas, no Campo da Feira. A proba, organizada polo OCR Cerceda e patrocinada polo Concello, contará con categorías adaptadas a todas as idades, incluíndo absoluta para maiores de 15 anos, Silvestriños para nenos e nenas de 0 a 9 anos e Asilvestrados para participantes de 10 a 14 anos. As inscricións estarán dispoñibles a través da plataforma ccnorte.com. A proba foi presentada no salón de plenos do Concello, coa participación do alcalde, Juan Manuel Rodríguez; o concelleiro de Deportes, Óscar Golán, e o organizador da proba, de OCR Cerceda, Álvaro Sánchez.

Durante o evento entregaranse trofeos ás persoas clasificadas nos tres primeiros postos da categoría absoluta, aos tres primeiros locais e ao mellor disfraz. Ademais, todos os nenos e nenas recibirán un agasallo, e ao remate da carreira celebraranse diferentes sorteos entre as persoas participantes. O carácter lúdico da xornada completárase cunha degustación de roscón e chocolate quente despois da proba.



A San Silvestre de Cerceda terá lugar o 4 de xaneiro, ás 11:30 horas

A San Silvestre inclúe tamén unha iniciativa solidaria a través da Operación Kilo. As persoas inscritas poderán colaborar achegando un quilogramo de comida non perecedeira no momento de recoller o dorsal.

SAN SILVESTRE DE ORDES

Pola súa banda, o Concello de Ordes xa ten aberta a inscrición na VIII San Silvestre, que terá lugar o 31 de

decembro. As persoas interesadas en participar poden apuntarse de balde en www.carreirasgalegas.com. O percorrido é de 3,9 quilómetros, con saída da rúa Entre Parques ás 12:00 horas. Ademais, a proba tamén será solidaria, xa que se recollerán alimentos non perecedeiros destinados a Cáritas. Todas as persoas participantes poderán degustar de balde churros con chocolate.



TAEKWONDO

A orosá Noelia Juncal,, campioa de España de Clubs 2025 de Taekwondo WTF

Noelia Juncal Marzoa vén de proclamarse campioa de España de Clubs 2025 de Taekwondo WTF, no torneo disputado na localidade de La Nucia (Alacante). A deportista orosá competiu na categoría Cadete de menos de 47 kg, na que competiron 47 deportistas de toda España. Noelia gañou os seus cinco combates, derrotando na final á súa compañeira de equipo Alba Figueira, á quen xa gañara no Open de Mallorca en outubro.

ACTIVIDADES DE NADAL 25/26

O alcalde, toda a corporación do Concello de Frades e os/as traballadores/as municipais desexámosvos un Bo Nadal e un Feliz Aninovo 2026

22
decembro

GRAN FESTA DE NADAL

Multiúsos de Frades, a partir das 16:30 h. Gran festa de Nadal coa actuación do espectáculo teatral "Saaabor de Nadal", con Fran Rei e Félix Rodríguez. Obradoiros variados e visita de Papá Noel. Actividade gratuita, previa anotacións antes do 19 de decembro.



22
decembro

CONCILIACIÓN DE NADAL

Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro. De 9:00 a 14:00 h. Centro sociocomunitario. Dirixido: Nenos/as escolarizados de 3 a 16 anos. Xogos, obradoiros, contacontos, cociña... Prezo: 10€ (8€ segundo irmán). Descontos para familias numerosas. Inscricións ata o 16 de decembro.



24
decembro

CONCURSO DE DECORACIÓN

Dirixido a todas as vivendas e negocios do municipio. Do 24 ao 31 de decembro envía un vídeo ou 4 fotos da decoración de Nadal SOLO EXTERIOR ao correo electrónico: biblioteca.municipal@frades.gal. Habrá 3 premios consistentes en cestas de produtos de Nadal.



28
decembro

TARDE DE BAILE - PRE FIN DE ANO

Centro sociocomunitario de Ponte Carreira, a partir das 19:00 horas. Actuación dun dúo musical en directo, festa de precampanadas e chocolatada. Actividade de balde. Non é necesaria inscrición previa.



30
decembro

EXCURSIÓN A XUVENLUGO

Visita ao parque de ocio infantil e xuvenil con ludotecas, inchables, obradoiros, videoxogos, minigolf, pistas de slot, salas de escape room, atraccións, rocódromo. Prezo: 10€. Saída do Concello ás 15:00 h. Inscricións ata o 24 de decembro.



5
xaneiro

CABALGATA E FESTA DE REIS

Ás 16:00 h, cabalgata polas rúas de Ponte Carreira ata polideportivo, onde terá lugar unha Gran Festa de Reis: Recepción das SSMM, inchables, animación, obradoiros, chocolate con roscón e moitas sorpresas. Actividade gratuita.



Organiza:



Concello
de Frades

Información e inscricións:

981 695 567
www.frades.gal

Colaboran:



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



Las casualidades existen, pero no se repiten.



Cuando recibes por quinta vez el Premio Excelencia no es por azar. Y, además, solo posible gracias a la confianza que nos habéis dado todos estos años. Por eso queremos daros las gracias y os invitamos a visitarnos para descubrir nuestra gama de vehículos y servicios SEAT.

Talleres Soneira

Las Casillas, 6 | 15680 - Ordes | A Coruña | talleres.seat/talleres-soneira

Consumo medio combinado de 5,3 a 6,0l/100 km. Emisiones ponderadas de CO₂ de 125 a 137g/km. (Valores WLTP).
Imagen acabado SEAT León FR XS con opcionales.